

FAZ  
FESTIVAL DE  
MÚSICA  
LUGO 2011

**DO 12 ó 19 de NOVEMBRO**

**CÍRCULO DAS ARTES**

**CLUB CLAVICÉMBALO**

**CASA DO SABER DA USC**

## Programa

### DÍA 12

**LATIN JAM** - CLUB CLAVICÉMBALO - 23:00H.

### DÍA 14

**MARCOS PIN FACTOR - E-RESET** - CÍRCULO DAS ARTES - 21:30H.

**CHEMA SÁIZ TRÍO** - CASA DO SABER DA USC - PAZO DE MONTENEGRO - 20:00H.

**FELIPE VILLAR CUARTETO** - CLUB CLAVICÉMBALO - 23:30H.

### DÍA 15

**LIZZ WRIGHT** - CÍRCULO DAS ARTES - 21:30H.

**THE BEE'S G.T. ORGAN TRÍO** - CASA DO SABER DA USC  
PAZO DE MONTENEGRO - 20:00H.

**CITRIC** - CLUB CLAVICÉMBALO - 23:30

### DÍA 16

**ROY HAYNES FOUNTAIN OF YOUTH BAND** - CÍRCULO DAS ARTES - 20:30H.

**TELMO FERNÁNDEZ TRÍO** - CLUB CLAVICÉMBALO - 23:30H.

**MASTER CLASS** - ESCOLA DE MÚSICA FÁBRICA DE SONS - 18:00H.

### DÍA 17

**SILVIA PÉREZ CRUZ & JAVIER COLINA TRÍO EN LA IMAGINACIÓN**  
CÍRCULO DAS ARTES - 20:30H.

**QUARTETTO MÍNIMO** - CLUB CLAVICÉMBALO - 23:00H.

**CHUPACONCHA** - CLUB CLAVICÉMBALO - 24:00H.

### DÍA 18

**DHAFER YOUSSEF QUARTET** - CÍRCULO DAS ARTES - 20:30H.

**CÉSAR CARDOSO QUINTET** - CLUB CLAVICÉMBALO - 23:30H.

**ESTHER OVEJERO QUINTET** - CLUB CLAVICÉMBALO - 24:00H.

### DÍA 19

**MEZZOFORTE** - CÍRCULO DAS ARTES - 20:30H.

**ORGANIC COLLECTIVE** - CLUB CLAVICÉMBALO - 23:30H.

**ESTHER OVEJERO QUINTET** - CLUB CLAVICÉMBALO - 24:00H.

# Latin Jam

“Os 60 e 70 foron anos de revoltas e cambios sociais que desembocaron en conflitos entre os poderes establecidos e o pobo que se erguía esixindo dignidade e liberdade. Ó abeiro desa búsqueda naceron estilos musicais que proclamaban consignas que hoxe en día froito da perversión do mercado parecen xa esquecidas”.



Javier Ferreiro "Man" - bongo  
Miguel Cabana - timbal  
Miguel Queixas - batería  
Rubén Montes - tumbadora  
Lucía Souto - voz

Sergio Delgado - piano  
Quique Alvarado - baixo  
Pepe Doré - saxo  
Santí González - saxo  
Nando González - trompeta







## CiTriC

CLUB CLAVICÉMBALO - 23:30

Músicos procedentes de Extremadura, País Vasco e Galicia cruzan os seus camiños no Centro Superior de Música do País Vasco, Musikene.

Desde o outono de 2007, veñen actuando en prestixiosos festivais como o Festival Internacional de Getxo 2008, o 43. Jazzaldia de San Sebastián, o Eivissa Jazz 2008, o Ibero jazz 2009, Brussels Jazz Marathon...

Premios como o V Concurs de Jazz de Barcelona ou a súa inclusión nos Circuitos de Musica do INJUVE avalan a súa aposta polas composicións orixinais e o respecto á tradición do jazz.

Luis Verde - saxo

Ander García - baixo

Hilario Rodeiro - batería



## The Bee's G.T. Organ Trio

CASA DO SABER DA USC - PAZO MONTENEGRO - 20:00

Por primeira vez en España, un dos máis importantes organistas de Nova York, Brian Charette, nominado en dúas ocasións ós premios Grammy, xunto co batería/percusionista, orixinario de Mississippi, Greg Stewart e mailo guitarrista lucense Telmo Fernández. O grupo bebe das fontes rítmicas dos anos 60 e 70 fusionando a máis pura tradición do *organ jazz* con *blues*, *soul*, *funk* e *R&B* e logrando un estilo ecléctico debido á diferente procedencia dos compoñentes.

A proposta é actual á par que orixinal cun repertorio que non deixa indiferente ó público polo seu ritmo, elegancia, bo facer e sentimento. Engádesa a todo isto algunha versión de clásicos do *soul*/imprescindibles na historia da música americana do século XX.

Brian Charette consagrouse como unha das voces principais do jazz moderno. Ten traballado con artistas internacionalmente afamados como Lou Donaldson, Chaka Khan, Michael Bublé, Bucky Pizzarelli, Joni Mitchell e Rodney Jones entre outros, converténdose en referente e parte primordial da escena *jazzística* de Nova York.

Brian Charette - órgano Hammond B3

Greg Stewart - batería

Telmo Fernández - guitarra

## Lizz Wright



O 11 de xullo do 2002, Lizz Wright, filla dun predicador e dunha cantante de góspel e nacida en Hahira (Georgia) no 1980, era unha cantante descoñecida máis na lista de artistas dun concerto homenaxe a Billie Holiday no Orchestra Hall de Chicago. Apenas 24 horas despois nacia unha estrela grazas ás súas interpretacións de "I Cover the Waterfront" e "Don't Explain" que deixaron ó público con lágrimas nos ollos. Unha semana máis tarde, noutra homenaxe a Holiday no Hollywood Bowl de Los Ángeles, Wright volveu facerse dona do espectáculo. A

verdadeira sorpresa da noite, segundo o veterano crítico do jazz de *Los Angeles Times*, Don Heckman, foi Lizz Wright no seu debut californiano ofrecendo grandes probas do seu potencial como nova estrela do jazz.

Lizz Wright estaba chamada a ser unha das cantantes con máis personalidade e abarca un variado abanico de posibilidades interpretativas dentro dun concepto de jazz amplo. Tralo seu debut discográfico con *Salt* e ata o seu recente disco *Fellowship*, Lizz editou outros dous álbums: *Dreaming Wide Awake* (2005) e *The Orchard* (2008), nos que predominan *folk jazz*, góspel e jazz tradicional. Auténtica, coherente co seu proxecto a longo prazo e valente para mante-lo propio criterio musical, Lizz Wright volve sorprender co seu último disco no que o tradicional e mailo contemporáneo se mesturan sen desencontros.

A vocalista falaba así dos seus recordos, que son música: "Cantei na igrexa desde que tiña seis anos. O meu irmán, a miña irmá e mais eu adoitabamos cantar como trío cando o meu pai predicaba. Con catorce anos aprendín soa a tocar o piano para axudar ó meu pai na igrexa tocando un chisquiño".

Lizz Wright - voz

Robin Macatangay - guitarra

Marvin Sewell - guitarra

Nick D'Amato - baixo

Jano Rix - batería





## Quartetto Minimo



CLUB CLAVICÉMBALO - 23:00

Dende os seus comezos, na primavera do 2009, o grupo rexeita toda interpretación de música xa existente e dedícase á creación dun repertorio propio. O seu son particular loita por abrirse camiño no que hoxe en día algúns chaman jazz e os integrantes prefíren chamar música improvisativa. É importante precisar que a súa música parte das melodías do xove baixista Eliaz Hercelin e dos desenvolvementos musicais do conxunto. A unión creativa e fraternal dos catro mozos de nacionalidades diversas deulle, dende que se coñeceron, unha esperanza de cambio musical. Coa súa maneira intuitiva de face-los temas e a espontaneidade dos directos, o Quartetto Minimo ten sorprendido en numerosas ocasións a todo tipo de públicos ó longo dos concertos que veñen realizando en España e Francia. Subterráneos ata o momento, o premio que acaban de recibir (Certame do INJUVE) é unha oportunidade para saír á luz no panorama musical actual.

Nico Arzimanoglou - guitarra

Sébastien Spang - guitarra

Eliaz Hercelin - baixo

Ilan Hercelin - batería



## Chupaconcha

CLUB CLAVICÉMBALO - 24:00

Dúo formado no 2007 cando os dous músicos que o integran se reúnen en Barcelona despois de ter colaborado en Italia en diferentes proxectos. A partir do 2009, Chupaconcha pasa de ser un proxecto paralelo a converterse no seu proxecto principal.

Amantes do jazz e do espírito hippie, a súa música defínese como *hypnofunk*. Combinan música rock, funk, psicodélica e ambiental en salvaxes e desenfreados concertos e gravacións. En directo, un fronte ao outro, *samplean* e sobrepoñen unha multitude de líricas de trompeta creando un sólido *groove* que logo cabalغان cunha aptitude xenuína e hipnótica improvisando e comunicando co público.

Giuliano Gius Cobelli - trompeta e electrónica

Giorgio Fausto Menossi - batería

# Silvia Pérez Cruz & Javier Colina Trío

## EN LA IMAGINACIÓN

Silvia Pérez Cruz & Javier Colina Trío presentan *En la imaginación*, unha revisión de clásicos da música cubana seleccionados e arranxados polo contraabaixista navarro. Ó feliz encontro de ámbolos talentos, súmanse Albert Sanz ó piano e Marc Miralta á batería. Ó longo da súa intensa e extraordinaria traxectoria, Javier Colina, un dos mellores e máis celebrados contraabaixistas actuais, sempre mostrou un claro interese pola música latina e, moi especialmente, polos sons e ritmos cubanos. Axente principal do jazz flamenco co trío de Chano Domínguez, *sideman* de estrelas internacionais de jazz, colaborador permanente dos músicos flamencos... Colina podía saír por calquera destes paus pero non se limitou a eles; tocou ademais con Compay Segundo e Fort Apache Band e séguelo facendo con Bebo Valdés.

Silvia Pérez Cruz é unha das vocalistas máis importantes de música popular na Cataluña dos últimos anos. Unha voz luminosa, cálida, delicada e versátil que combina a improvisación do jazz, a forza e o ritmo do flamenco, a emoción do fado e a proximidade da canción de taberna. Traballou, entre outros, con Duquende, Chicuelo, Jerry González, Joan Díaz, Toti Soler, Pancho Amat, Raül Fernandez "Refree", Israel Galván, Eliseo Parra, Joan Olle e Sol Pico.

No proxecto *En la imaginación*, a incorporación da voz de Silvia ó trío de Colina ilumina con matices novos o repertorio de profundas raíces populares, agasallándonos cunha sintonía excepcional entre a clásica formación de trío jazzístico e unha voz principal.



Silvia Pérez Cruz - voz

Javier Colina - contraabaixo

Albert Sanz - piano

Marc Miralta - batería

## César Cardoso Quintet



CLUB CLAVICÉMBALO - 23:30

O saxofonista César Cardoso é um dos músicos da nova geração de músicos de jazz em Portugal.

Teve uma passagem pela escola do Hot Clube de Portugal e ingressa mais tarde na Escola Superior de Música de Lisboa no curso de jazz.

Formou este projecto, onde tentou demonstrar a sua abordagem e maneira de ver a música, e compôs música específica para a formação, culminando com a gravação do disco *Half Step* em 2010.

*Half Step* é o seu primeiro disco a solo e conta com temas originais de César Cardoso. Junta um quinteto de músicos de luxo, ao qual se sumou Pedro Moreira no saxofone tenor para a gravação de 2 temas.

César Cardoso - saxofone tenor  
Filipe Melo - piano  
Demian Cabaud - contrabaixo

Bruno Santos - guitarra  
Bruno Pedroso - bateria

## Esther Ovejero Quintet



DÍAS 18-19 CLUB CLAVICÉMBALO - 24:00

No ano 1959, Frank O'Hara, un dos máximos expoñentes da xeración dos "Beat Poets" e autor dunha obra ligada intimamente ao mundo do jazz, escribía o poema "The Day Lady Died"; era a súa forma de render homenaxe a unha das voces máis importantes e influentes da historia do jazz, Billie Holiday...

Pola súa parte, Esther Ovejero fala nestes termos da súa banda:

-“Con este projecto, lo que hemos pretendido es homenajear a todas las damas del jazz que han desaparecido haciendo una cuidada selección de temas y arreglos sencillos y diferentes que estén más cerca de la música actual.

El propio nombre del disco, *The Lady Is Still Alive*, enfatiza esa idea de que la música, y en este caso la buena música, sigue viva aunque las grandes divas del jazz ya no estén entre nosotros”.

\* A información continúa no día 19

## Dhafer Youssef Quartet

XXII  
FESTIVAL DE  
JAZZ

18

VENRES

20:30

CÍRCULO DAS ARTES

Dhafer Youssef naceu en Tunisia no 1967 e comezou a cantar con cinco anos de idade o que correspondía á tradición islámica; foise deste xeito namorando do son das súas raíces, o emitido polo *oud*, laúde árabe, que empezou tocando de oído. A súa vida tiña un obxectivo, crear e interpretar música.

Nos anos 90 trasladouse a Viena desexando con vehemencia estudar música. Alí descobre outros estilos musicais; clásico, jazz e tradicionais variados. Nesta etapa tivo a oportunidade de tocar xunto a músicos do talle de Renuad García-Fons, Nguyễn Lê, Markus Stockhausen, Wolfgang e Christian Muthspiel, grandes músicos e improvisadores. A súa inventiva nótrese así do legado de culturas musicais distintas á propia, resultando deste encontro *Malak*, o seu primeiro disco, froito de tódalas experiencias adquiridas.

Tras varios discos con moi boa acollida e numerosas colaboracións no mundo jazzístico, faise máis estreita a súa relación con músicos noruegueses da escena do *nu jazz* electrónico como Bugge Wesseltoft, Arve Henriksen, Audun Eriken e o fantástico Eivind Aarset. Con eles desenvolve e depura o seu estilo musical, levándoo ó máis sublime, obtendo creatividade para levitar; misticismo puro con suaves arranxos e ambientes electrónicos que transforman en maxia o LP *Divine Shadows*.

A xira de presentación do seu último álbum, *Abu Nawas Rhapsody*, levouno por cidades coma Moscova, Nova York, Londres ou París á fronte dun cuarteto cun carácter moito máis acústico e cun maior equilibrio entre a compoñente jazzística e a música tradicional sufi.

Dhafer Youssef, en calidade de compositor e intérprete, revélase un dos artistas máis interesantes da música contemporánea, creando un son único. Dá vida á ilusión de todo músico, á éxtase, á luxuria espiritual, á beleza de facer música do pasado, do presente e do futuro.

Dhafer Youssef - oud e voz  
Kristjan Randalu - piano  
Chris Jennings - contrabaixo  
Stéphane Galland - batería







## Organic Collective

CLUB CLAVICÉMBALO - 23:30

A avanzada do jazz galego, cos nomes de Marcos Pin e Carlos López á fronte, toma vida no proxecto Organic Collective, conxunto de groove con un disco no mercado, *Maybe in other life* (Audia Records, 2008), e dotado dunha forte e atraiante personalidade asentada na mestura de jazz, funk, soul, hip hop e pinceladas de R&B.

**Marcos Pin** - guitarra  
**Juansy Santomé** - contrabaixo

**Carlos López** - batería  
**Xosé Miguélez** - saxo

## Esther Ovejero Quintet

DÍAS 18-19 CLUB CLAVICÉMBALO - 24:00

### A BANDA

**Esther Ovejero:** de Tenerife. Desde o ano 2005 ata finais do 2010 estivo residindo en Barcelona, e fíxose un oco no panorama musical catalán actuando en grupos de recoñecido prestixio, como La Vella Dixieland, con músicos de renome e en salas importantes da capital catalá como Jamboree, Jazzsi, onde a cantante coordinou as *Jam sessions* de rock durante catro anos, ou Luz de Gas, onde actuaba cada martes.

Do 2005 data o seu primeiro disco en solitario coa axuda da Sociedad Canaria de las Artes Escénicas y de la Música, baixo a produción musical de Kike Perdomo. O disco, que inclúe once temas inéditos, a maioría de composición propia, contou coa colaboración do baixista camerunés Richard Bona, que non só gravou voces, percusións, baixos e guitarras senón que ademais compuxo dous dos temas.

No ano 2010 estreou o segundo disco, *Historias compartidas*, tamén baixo produción musical de Kike Perdomo, e contou coa colaboración de recoñecidos músicos como David Quevedo, Martín Leiton, Charlie Moreno, Kike Perdomo, etc.

Actuou en diferentes festivais, programas de radio e televisión rexionais e nacionais e en escenarios de Buenos Aires, A Habana, Colonia, Casablanca, Tánxer.

**Kike Perdomo:** produción musical e saxo. De Tenerife. Traballou con Miguel Ríos, Luz Casal, Joaquín Sabina, Bill Evans, Tom Coster, Richard Bona, Jon Herrington, Anthony Jackson, Eric Marienthal, Til Bronner, Nantha Kumar, Dave Santoro, Andrea Michelutti, Gary Versace, Kevin Mahogany, Jim Odegren, Chano Domínguez, Chuck Loeb, Francis Pose...

**David Quevedo:** piano e arranxos. De Las Palmas de Gran Canaria. Traballou con artistas canarios como José Antonio Ramos, Aristides Moreno, Esther Ovejero, Kike Perdomo, Mariano Steimberg, David Mengual, Eric Marienthal, Bill Evans, Israel Sandoval, Richard Bona, Chuck Loeb, Jorge Pardo.

**Mariano Steimberg:** batería. De Buenos Aires. A partir do ano 1998, comeza a colaborar con Perico Sambeat, Horacio Fumero, Albert Bover, Albert Sanz, José Reinoso, Raynald Colom, Llibert Fortuny, Luis Salinas, Walter Malosetti, Luis Natch, Dick Oatts, Bill McHenry, Edward Pérez, Reid Anderson.

**Ruimán Martín:** contrabaixo. De Tenerife. Contrabaixista e baixista eléctrico de formación clásica e moderna. Traballou como contrabaixista *tutti* na Orquesta Sinfónica de Tenerife e na Orquesta Filarmónica de Gran Canaria. Formou parte da Joven Orquesta Nacional de España.

## Mezzoforte

É sen dúbida unha das bandas de jazz contemporáneo e funk máis poderosas do panorama musical. Formárona no 1977 en Reykjavik, Islandia, catro xoves amigos co interese común da fusión e a música funk. No 1983 soou por todo o mundo co tema "Garden Party" do seu cuarto álbum. Ata hoxe editou 12 discos e deu máis dun millar de concertos en corenta e tantos países planeta adiante.


O último traballo da banda preséntase incandescente, leva por título *Volcanic* e nel se concentraron esforzos desde o ano 2008; tódolos músicos se trasladaron a unha cabana ó sur de Islandia para acadar un estado sereno que dese lugar ás composicións desexadas.

Miles Davis, George Duke, Weather Report, ou o grupo Earth Wind and Fire eran as influencias máis destacadas daqueles rapaciños que iniciaban a súa carreira musical cando aínda non contaban vinte anos.



**Eythor Gunnarsson** - teclados  
**Jóhann Ásmundsson** - baixo  
**Gulli Briem** - batería  
**Oskar Gudjonsson** - saxo  
**Fridrik Karlsson** - guitarra  
**Sebastian Studnitzky** - trompeta





XUNTA DE GALICIA

2011 ano da música de Galicia



Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua



DEPUTACIÓN DE LUGO VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



novacaixagalicia



ELPROGRESO



Organiza:



www.jazzlugo.com festival@jazzlugo.com